



**Expediente núm.:** 1323/2021

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

**Expediente relacionado:** 829/2021

**Asunto:** Subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021

**Obra/servizo subvencionado:** Servizo de vixilancia e seguridade (Socorristas)

**ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR:  
EXPEDIENTE DE SELECCIÓN SUBVENCIÓN FOMENTO 2021 (SOCORRISTAS)**

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, en A Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 09:50 horas do día 29 de xuño de 2021, procédese á constitución do Tribunal que vulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **de dúas (2) prazas de socorristas (persoal laboral temporal)**, do proceso de selección de persoas desempregadas para a obra/ servizo “Servizo de vixilancia e seguridade” (socorristas para as piscinas municipais de Veiga de Abaixo), ao abeiro do disposto no artigo 14 da ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021. (DOG núm. 73, do martes 20 de abril de 2021). Expte. Nº: TR351A 2021/18-3

Estando presentes os membros do Tribunal Cualificador que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituída na seguinte forma:

**Presidente :** José Antonio Cerdeira Pérez, secretario – interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.  
**Secretaria:** Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.  
**Vogais:** María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.  
Marina Sara González Soto, asesora xurídica en asuntos de urbanismo e demais servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.  
Susana Souto Fernández, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Decídese por unanimidade tratar o seguinte asunto: iniciar o proceso de selección necesario para a contratación de persoas desempregadas para a obra/ servizo “Servizo de vixilancia e seguridade” (socorristas para as piscinas municipais de Veiga de Abaixo).

Unha vez analizados e debatidos os documentos de xeito oportuno, tomáronse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1. Iniciar a selección de persoal coa comprobación dos requisitos e adecuación aos postos de traballo ofertados, aplicando os criterios previstos na ORDE do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercicio do ano 2021 (DOG núm. 73, do martes 20 de abril de 2021), no relativo aos perfís das persoas.



## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

2. Proceder a realizar un exame ás persoas candidatas convocadas pola oficina de emprego de xestión da oferta de emprego (Ourense – A Ponte) para hoxe día 29.06.2021 ás 10:00 horas, para determinar a adecuación ao posto de traballo na ocupación “socorrista”. No caso necesario, o Tribunal Cualificador poderá recorrer a técnicos do Concello ou solicitar informes co obxecto de determinar as persoas máis axeitadas para o referido posto de traballo.

O exame consistirá en contestar a un máximo de 10 preguntas tipo test con respostas alternativas, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario publicado no taboleiro de anuncios do Concello do Pereiro de Aguiar e na páxina web ([www.concellopereiro.com](http://www.concellopereiro.com)), xunto coas correspondentes bases de selección en data 23.06.2021.

### TEMARIO

Tema 1. Feridas. Diferentes tipos de feridas: diagnóstico, tratamento de urxencia, limpeza, desinfección, cura e vendaxe. Reanimación cardiorespiratoria.

Tema 2. A secuencia da actuación no socorrismo acuático.

Tema 3. A natación no salvamento e técnicas de natación adaptadas. O salvamento acuático en piscinas.

Tema 4. Normativa de piscinas. Parámetros de control.

Tema 5. Prevención de riscos laborais relacionados co posto de traballo.

A cualificación será: A valoración máxima por este exercicio será de 10 puntos, necesitando un mínimo de 5 puntos para aprobar.

3. A ocupación e número de postos de traballo obxecto de contratación son:
- 2 socorristas

Non se producen intervencións e non tendo outro asunto para tratar dáse por concluído o acto sendo as 09:55 horas do día da data, asinando os seus membros en conformidade.

O presidente,

José Antonio Cerdeira Pérez

M<sup>a</sup> del Pilar Condé Lorenzo



As vogais,

A secretaria,

Yajaira Lage Blanco

Marina Sara González Soto

Susana Souto Fernández

---

**Concello do Pereiro de Aguiar**

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395